

## ÍNDICE

	PÁX.
<b>OBXECTIVOS</b> .....	2
<b>MEDIDAS DE ACTUACIÓN</b> .....	3
<b>Vai chegar un novo alumno/a ao colexio</b> .....	4
Secretaría .....	4
Orientación .....	4
Profesorado .....	5
<b>Vai chegar un novo alumno/a a miña clase</b> .....	5
Preparamos acollida coa clase .....	5
Eleximos alumnado titor .....	6
Onde vai sentar? .....	8
<b>Chegou un novo alumno/a a miña clase</b> .....	9
Presentación .....	9
Coñecemos .....	10
Metodoloxías integradoras .....	10
<b>ANEXO I</b> “Actividades e xogos de integración e acollida .....	13
<b>ANEXO II</b> “Mostra dunha actividade para favorecer a interculturalidade a nivel do centro educativo” .....	20
<b>ANEXO III</b> “Suxestións para mellorar e completar o Plan de Acollida .....	24

## PLAN DE ACOLLIDA

### OBXECTIVO XERAL:

Lograr a aceptación de toda a comunidade educativa, fomentando actitudes de acollida e cooperación cara o novo alumnado, coa finalidade de asegurar unha boa integración destes alumnos e alumnas que incida no bo funcionamento académico.

### OBXECTIVOS:

Este PLAN DE ACOLLIDA non só é para o alumnado inmigrante, tamén para todos os alumnos e alumnas que se incorporan novos ao centro de forma ordinaria e de forma tardía, cos seguintes OBXECTIVOS:

1. Contribuir a que as familias inmigrantes se sintan a gusto e a que perciban a escola como un lugar onde se lles facilita a súa integración, se lles valora, se da importancia e protagonismo a súa cultura e se lles ofrecen cauces para a súa participación.
2. Facilitar os trámites de matriculación.
3. Contribuir a un rápido coñecemento das instalacións do Centro que permita que o alumnado se desprace por si mesmo con facilidade.
4. Establecer na clase un clima que faga máis agradables os primeiros momentos para favorecer a interrelación entre o novo alumnado e os seus compañeiros.
5. Mellorar a responsabilidade, a capacidade de empatía e o compañerismo entre o alumnado do centro co fin de facilitar unha rápida e eficaz integración do alumnado novo.

6. Evitar a tendencia ao autoaislamiento dos novos nenos e nenas ante unha situación descoñecida, como a chegada ao centro.

**MEDIDAS DE ACTUACIÓN:**

PLAN DE ACOLLIDA		
<b>VAI CHEGAR</b>  un novo alumno unha nova alumna		<b>CHEGOU</b>  un novo alumno unha nova alumna
AO COLEXIO	A MIÑA CLASE <b>Titor/a</b>	A MIÑA CLASE
SECRETARÍA (matriculación)	Preparamos a acollida coa clase	PRESENTACIÓN da clase e do ou dos alumnado-titor (Titoría de acollida)
Entrevista con <b>ORIENTACIÓN</b>	Eleximos <b>ALUMNADO TITOR</b>	<b>COÑECÉMONOS</b> (Xogos de integración e acollida)
Información ao <b>PROFESORADO</b>	Onde vai sentar?	<b>METODOLOXÍAS INTEGRADORAS</b> (aprendizaxe cooperativo)
<b>INTERCAMBIO CULTURAL</b> <b>COÑECEMOS A SÚA CULTURA E ENSINAMOSLLE A NOSA CULTURA</b>		



## VAI CHEGAR un novo/a alumno/a AO COLEXIO

### 1º) SECRETARÍA

#### **Coa familia:**

- a) Entrega sobre de matrícula e solicita a documentación necesaria: fotografías, fotocopia do DNI (tarxeta de residencia, pasaporte,...), fotocopia da tarxeta sanitaria, fotocopia do libro de familia-no caso de separación ou divorcio a sentenza xudicial que o acredita, xustificante de ingreso do seguro escolar(se procede), autorización para uso da imaxe, autorización para saídas dentro da localidade,...
- b) Comunica data e hora para entrevista inicial coa orientadora.
- c) Informar sobre as axudas e becas de estudio, así como das actividades complementarias e extraescolares que se ofrecen no centro.

#### **Co departamento de orientación:**

- a) Comunica á orientadora á solicitude de matrícula para que propoña a entrevista inicial.

### 2º) ENTREVISTA CON ORIENTACIÓN

#### **Coa familia e alumno/a:**

- a) A orientadora propón a data e hora na que realizará a entrevista inicial coa familia e co alumno/a, sempre na maior brevidade posible, co fin de recabar a

información necesaria para determinar o nivel curricular do alumno/a e as medidas de atención á diversidade que puidera precisar para a súa escolarización.

b) Informa ao alumno/a e familia, unha vez que o equipo directivo lle asigna o grupo, sobre os seguintes documentos:

- Resumo do NOF

- Horario do grupo

c) Presenta ao titor/a do grupo

#### **Co equipo directivo:**

a) A orientadora traslada ao equipo directivo a proposta de escolarización.

### **3º) INFORMACIÓN AO PROFESORADO**

a) A orientadora comunica ao titor/a do grupo que vai acoller ao alumno/a a información recopilada na entrevista inicial.

b) A orientadora, xunto co titor/a trasladan ao resto do equipo docente a información relevante precisa para acoller a dito alumno/a.

**VAI CHEGAR un novo alumno/a A MIÑA CLASE (Titor/a)**

**PREPARAMOS ACOLLIDA COA CLASE**

O profesorado titor, os días previos, traballará co grupo no desenvolvemento de actitudes positivas de acollida e a eliminación de prexuízos e estereotipos, seguindo as actuacións específicas:

- Explicarlles o país de orixe, comunidade ou cidade, a lingua ou linguas que fala (nunca presentalos unicamente como alguén que non sabe falar noso idioma).
- Comentar que hai que axudarlles, que non hai que estar tan pendentes deles nin comentar as súas particularidades de forma que en lugar de estranxeiros se sintan estraños o “bichos raros”.
- Intentar xerar un esforzo de poñerse no lugar do novo alumno/a para comprender a súa situación.

### **Que xogos e actividades fago coa clase para facilitar a integración antes de que chegue?**

Por exemplo:

- Formular preguntas sobre palabras na súa lingua.
- Localizar no mapamundi o país de procedencia.
- Preparar un cartel de benvida.

## **ELEXIMOS ALUMNADO TITOR**

### **Como escollo ao alumnado titor?**

- Escóllese antes de que se incorpore o alumno ou alumna a súa clase. Nunca se decidirá diante do alumnado novo, co fin de evitar situacións de rechazo manifesto.
- O profesor explícalle á clase as funcións do alumnado titor:

- Axudar na integración tanto dentro do grupo clase como co resto dos grupos.
  - Presentarllo a outros compañeiros e profesores.
  - Acompañar e ter presente ao alumno/a novo nas primeiras semanas no recreo, nas entradas e saídas do centro e nos intercambios de clase.
  - Ensinarlle as instalacións do centro e acompañalo nos desprazamentos a outras aulas ou instalacións
  - Colaborar na ensinanza do galego e castelá, de ser necesario.
  - Explicarlle as normas do centro e as de convivencia.
  - Axudarlle coas actividades concretas de aprendizaxe.
  - Colaborar co profesor titor, comunicándolle os problemas que detecte
- Pode haber 1, 2 ou 3 alumnos/as titor. Cada un deles cunha tarefa diferente e ben definida: axudar nas actividades de clase, acompañar no patio e ensinar instalacións, acompañar no comedor...
  - Nunca obrigar a ninguén nin dar por suposto que un alumno ou alumna vai querer ter esta función, pois pode causar o efecto contrario do que buscamos.
  - O alumnado-titor ten que escollerse entre os que se presenten voluntariamente seguindo as seguintes premisas:
    - Un alumno ou alumna autóctono e outro do mesmo país de procedencia do alumnado inmigrante. Se non hai alumnos da mesma nacionalidade na súa aula, pode ser dunha clase distitnta. A súa misión específica consiste en facer de traductor nos casos de necesidade e en ser un referente familiar e positivo ao que o alumnado inmigrante pode acudir en caso de necesidade.
    - O alumnado tutor autóctono pódese designar por sorteo entre o alumnado que o desexe, ou se busca a algún compañeiro que vive cerca do alumnado de nova incorporación ou que ten con el algunha outra



relación externa ao colexio. En ocasións, pódese nomear a algún compañeiro que o titor considere que necesita este protagonismo para aumentar a súa autoestima.

- Nunca obrigar a ninguén nin dar por suposto que un alumno ou alumna vai querer ter esta función, pois pode causar o efecto contrario do que buscamos.

### **Qué ventaxas ten a figura do alumnado titor?**

- Ao alumno de nova incorporación permítelle estar nunha situación de comunicación permanente.
- O alumnado titor ten a oportunidade de profundizar e consolidar os seus coñecementos e procedementos a través da transmisión de saberes.
- Para o docente: a figura do alumnado titor representa unha axuda xa que non sempre poderá responder no tempo real a todas as dúbidas do alumnado novo. Non obstante as habilidades para transmitir coñecementos son diferentes polo que axuda ao docente pero non o substitúe.

### **ONDE VAI SENTAR?**

- Cerca do profesor para que poida facilitarlle axuda.
- Asegurar que os compañeiros do redor sexan acolledores e están dispostos a axudarlle (alumnado que se presentou voluntario para exercer de titor/a, por exemplo).
- Na educación secundaria haberá que ter en conta a maior facilidade na relación dos recién chegados para interactuar con persoas do mesmo xénero.
- A ser posible evitárase colocalo na última fila.

## CHEGOU un novo alumno/a a MIÑA CLASE

### PRESENTACIÓN (titor-titora)

#### Como preparo o primeiro día de acollida na clase?

- Benvida!: amosar o Cartel de Benvida que exporase na aula coa palabra de BENVIDO no idioma que fale o alumno novo.
- Presentación colectiva: Actividades que favorezan a presentación. Se poden facer xogos onde cada compañeiro ou compañeira diga o seu propio nome e o do novo/a compañeiro/a, así os vai coñecendo e asimilando.
- Ao principio non lle obrigaremos a falar, hasta que espontaneamente se decida a facelo. Primeiramente no seu idioma, de ser o caso.
- Presentación individual do alumnado titor: de forma individual irase presentando as compañeiras e compañeiros que colaborarán directamente no seu proceso de adaptación.
- A explicación das normas de clase realizarase de xeito gradual, dende unha metodoloxía activa e lúdica. Procurando que o alumno/a siga a referencia imitativa dos seus compañeiros/as. Isto pódese reforzar na aula de P.T., de ser o caso.
- Actividades de acollida para o primeiro día: Ver dinámicas de integración e acollida do anexo I e do Plan de Acción Titorial

## COÑECÉMONOS (titor-titora)

### Como preparo as dinámicas das primeiras semanas?

Ver “Actividades de integración e acollida” no Plan de Acción Titorial e no Anexo I

## METODOLOXÍAS INTEGRADORAS (equipo docente)

- Podemos observar nos alumnos recen chegados estados de ánimo cambiantes, ritmos de traballo que se modifican. Debemos procurar descubrir as causas, pero sobre todo respectar, cando non descubramos ningunha causa aparente, que o alumno pode sentir morriña, e que a nova situación escolar lle supón un esforzo case sempre moi grande.
- O alumnado de incorporación tardía terá que participar o antes posible das responsabilidades outorgadas na clase. Sería positivo que, durante un período de tempo, comparta algunhas tarefas (repartir materiais, levar recados escritos), con algún outro compañeiro ou compañeira.
- É preciso preparar o alumno con bastante antelación das diferentes actividades e situacións escolares que poidan resultarlle estrañas: festas, cambios de aula, saídas culturais, etc.

### Que metodoloxía de aprendizaxe son máis favorables?

- É aconsellable, sempre que sexa posible, introducir metodoloxías de traballo cooperativo na aula e realizar o maior número posible de actividades en grupo ao longo do curso. Favorece a cohesión e interacción co resto do alumnado. Evítase abandonalo a súa sorte mentras se atende á maioría.

- É fundamental crear situacións que permitan ao alumnado novo amosar as súas habilidades ante os seus compañeiros/as, o que reforzará a súa autoestima e otorgaralle prestixio ante eles.

### **Se descoñece a nosa lingua?**

- Ao principio requiremos de forma especial a súa atención en actividades que requiren pouca expresión verbal.
- Non debemos esquecer que o/a alumno/a debe mirarnos á cara colocándonos a súa altura cando queremos explicarlle o desenvolvemento da actividade. Os xestos son unha linguaxe universal.
- Convén falar cunha boa entoación, con maior lentitude, pero con naturalidade. O apoio dos xestos e a mímica pode ser de grande axuda para a comprensión.
- Utilizar frases simples: "Abride o libro", "María, levántate, "Sinala a porta"...
- Procurar asegurar a comprensión das demandas máis vitais, as ordes diarias.
- A medida que o alumno vaia progresando e incorporando a expresión oral é fundamental orientar e corrixir a súa expresión: utilizar frases máis complexas; propoñerlle a repetición dunha palabra ou expresión; iniciar a resposta, axudarlle coa incorporación de vocabulario que non domina; propoñerlle preguntas moi pechadas; utilizar elementos expresivos non verbais (debuxos, xestos...); repetir preguntas que supoñan o uso dunha estrutura que non domina e facelo consciente de como pode melloralas; propoñer aos compañeiros expresións, unhas estruturas conversacionais, etc., para que durante uns días busquen momentos e situacións diversas as utilicen con el ou ela; concretar un vocabulario específico que ensinarenlle durante uns días, unha semana, no patio, nas entradas ao centro, na clase...
- A utilización de pictogramas seranos de grande utilidade cando lle pidamos que realice algunha tarefa concreta.
- Podemos crear un rincón xeográfico --con planisferio, mapas,...-- que permita

situar a nosa vila e as diferentes rexións e países de orixen dos nenos e nenas; incluír elementos da nosa cultura e de culturas estranxeiras; ...

- Utilizaremos recursos que nos axuden a situar ao alumno/a en situación de experto preguntándolle: cómo se di isto na túa lingua?, no teu país cómo se escribe? ... Recursos e actividades que permiten amosar o noso interese e que lle permiten expresar os seus coñecementos e competencias.
- Pódense usar materiais que propoñan tarefas de razoamento que non estean presentadas verbalmente, actividades que nos permitan apreciar a súa visión espacial, o seu razoamento lóxico etc., actividades de cálculo, de plástica, de debuxo...
- Deberemos interpretar o seu "tempo de silencio" como unha fase absolutamente natural no proceso de adquisición/aprendizaxe dunha lingua estranxeira, para evitar angustias innecesarias.

## ANEXO I

### ACTIDADES E XOGOS DE INTEGRACIÓN E ACOLLIDA

#### Educación Infantil

Cando o neno ou nena incorpórase na clase, preséntase ao resto dos compañeiros. Decimos o nome no seu idioma e procedemos a escribilo nun dos carteis elaborados previamente para tal efecto, nos que aparece a súa fotografía, a bandeira e o nome do seu país.

Este cartel pasa ao rincón "DIFERENTES PERO IGUAIS" no que hai un mapamundi cos outros carteis correspondentes aos nenos inmigrantes da clase ou do Ciclo.

Posteriormente, realizamos algún dos seguintes "XOGOS DE PRESENTACIÓN" que requiren pouco vocabulario, se o neno ou nena non falan castelán ou galego. (O alumno titor do seu mesmo idioma pode intervir nesta actividade para facilitar la comprensión inicial):

\* CAROLINA, CAROLINA (o calquer outro nome)

"Carolina, Carolina

parécese á sua mamá"

"Rock, rock, rock dos bos días

Rock, rock, rock dos bos días,

Bos días Carolina, ¿Cómo estás?

Du, Dua, Du, Dua, Du, Duaa

Rock, rock, rock dos bos días

Du, Dua, Du, Dua, Du, Duaa

\* LA ONDA DO NOME

Sentados nun círculo, cada un nunha cadeira, un neno comeza o xogo levantándose da súa cadeira e facendo levantarse ao compañeiro da súa dereita, levantándolle o brazo e pronunciando ao mesmo tempo o seu nome en voz alta. A continuación, sentase na súa cadeira, e quen continúa, repite a operación co xogador da dereita ata rematar todos. Trátase de sincronizar todos os movementos de xeito colectivo coa finalidade de acadar o efecto da "onda".

#### \* O GRAN SAÚDO

En círculo, de pe, os xogadores están dispostos mirando ao mesmo lado nun círculo e atópanse separados por un metro de distancia.

Un participante calquera comeza o xogo dando a volta completa polo interior dun círculo, facendo chocar a súa palma contra a palma de cada xogador, pronunciando ao mesmo tempo os seus nomes.

Acabada a volta, colócase no seu sitio mentres o seguinte xogador continúa co gran saúdo.

#### \* PRESENTACIÓN DA AULA, ASEOS E PATIO

percorremos as dependencias do Centro. Nos corredores atopamos PICTOGRAMAS, debuxos alusivos á actividade que se desenvolve en cada unha delas. Para iso, formamos un tren e imos visitando as diferentes estancias sinalado co picto, facendo o gesto correspondente coa actividade e repetindo o nome da estancia do Centro.

**\* PRESENTACIÓN DAS RUTINAS E HÁBITOS DA CLASE**

Mediante a presentación de debuxos alusivos á propia actividade.

**\* CARTEL DE BENVIDA**

No cartel de benvida, aparece o termo "Benvida" nos distintos idiomas que falan os nenos da clase ou do ciclo. Así mesmo, decórase con motivos que aluden ao bo recibimento e a unha boa acollida.

A este cartel pégase á foto do novo alumno, ampliada en formato A3, co seu nome.

O cartel estará na clase ata que o neno se sinta totalmente integrado, e logo, poderá levalo para a súa casa.

**\* PRESENTACIÓN DOS DIFERENTES RECUNCHOS DE TRABALLO E XOGOS DA AULA**

Preséntanse a medida que se empregarán.

**\* CONFECCIÓN DUN DICCIONARIO DE IMÁXES.**

Realizarase no recuncho das letras, empregando recortes de revistas e folletos, sobre os obxectos da clase e da vida cotiá, escribindo debaixo de cada un o seu nome.



**\* RECUNCHO DE "DIFERENTES PERO IGUAIS"**

Os nenos e as súas familias aportan aquelas fotos, obxectos, láminas, etc. propios do seu país.

Colocamos unha foto familiar no interior dun tetra-brick de leite ou zume facendo unha casinha e que pouco a pouco se convertirá nunha pequena maqueta do seu pobo.

**\* LIBRO DO PROTAGONISTA**

Si o neno é capaz de expresarse oralmente, contaranos a súa historia persoal" e pasaremos a elaborar o seu libro de Protagonista.

Se non posúa esta competencia, desenvolveremos a actividade máis para diante ou recurriremos ao alumno- titor.

Este libro recolle: a fotografía familiar, o nome e a fotografía do neno, debuxos dos compañeiros, o que lle gustaría ser de maior; as súas preferencias respecto da comida, cores, deportes, programas de televisión, filmes, xoguetes, libros, cancións, etc.

### **Educación Primaria**

**\* CARTEL DE BENVIDA**

Previamente, entre todos os alumnos da clase, realízase un cartel de

benvida onde está escrita a palabra “benvida” na lingua do alumno novo e en galego ou castelán.

Ao lado, tamén se escribe o nome do alumno que chega á escola

Cando éste entre na clase, varios dos seus compañeiros levantarán o cartel y logo, colgaranno nalgunha das paredes da aula.

#### \* XOGO DE PRESENTACIÓN

Sentados nun círculo, cada alumno vai presentándose ao novo compañeiro:

"Hola..... (Nome do novo alumno). Chámome....."

Previamente, cada un dos alumnos preparará unha frase de benvida que leerán ao nuevo compañeiro:

"Estou contento de que estés connosco porque....."

"Gracias por....."

"Contigo, agora, na nosa clase somos...."

O novo alumno responderá:

"Hola....." (Expresará no seu idioma o saúdo de benvida).

Estreitanse as máns e mostran algún símbolo de benvida e amizade.

#### \* LA ONDA DO NOME

Sentados nun círculo, cada un nunha cadeira, un neno comeza o xogo levantándose da súa cadeira e facendo levantarse ao compañeiro da súa dereita, levantándolle o brazo e pronunciando ao mesmo tempo o seu nome en voz alta. A continuación, sentase na súa cadeira, e quen continúa, repite a operación co xogador da dereita ata rematar todos. Trátase de sincronizar todos os movementos de xeito colectivo coa finalidade de acadar o efecto da “onda”.

### \* QUIÉN É O MEU AMIGO

Sentados nun círculo, un xogador alónxase do grupo para que se elixa a un dos membros, que se convirte no personaxe a adiviñar. O adiviñador só pode formular preguntas ás que os compoñentes do grupo poidan respostar con un si ou un non.

Cuando o adiviñador acerte de quen se trata, daranse un abrazo e intercambiarán as posicións.

### \* TEA DE ARAÑA

Os nenos colócanse nun círculo moi amplo (na clase ou no patio). Para iso o Mestre disporá dunha ovillo de lá comenza a lanzando o ovillo a algún alumno e dicindo “chámome...” o que reciba o ovillo deberá de presentarse ao igual que o Mestre, ata formar un “enredo”, unha especie de tea de araña.

Despois, haberá que desfacer o ovillo. Para iso, cada neno deberá tirar o ovillo a quen llo lanzou. Os nenos que non entendan o noso idionma farano por imitación.

### \* RODA DE NOMES ESCRITOS

Os nenos escriben nunha cuartilla os seu nome. Despois colocanse nun círculo, co papel na man e o nome mirando para o chan. O Mestre vai a poñer música e, no momento que ésta comece a soar, todos os nenos deberán ir pasando o papel co nome ao compañeiro da dereita, todos ao mesmo ritmo para que ninguen teña dúas follas ou con ningunha. No momento que a música pare, tamen se parará de pasar as follas. Cada un da a volta á que ten na súa man, lee o nome do seu dono e corre a buscalo para darlla.

Ademáis do nome podese poer, tamén, a foto do neno para facilitar a actividade aos máis pequenos e aos alumnos que chegan sen lingua vehicular.

#### \* O GRAN SAÚDO

En círculo, de pe, os xogadores están dispostos mirando ao mesmo lado nun círculo e atópanse separados por un metro de distancia.

Un participante calquera comeza o xogo dando a volta completa polo interior dun círculo, facendo chocar a súa palma contra a palma de cada xogador, pronunciando ao mesmo tempo os seus nomes.

Acabada a volta, colócase no seu sitio mentres o seguinte xogador continúa co gran saúdo.

#### \* UN NOVO PAÍS ENTRE NOS

O Mestre mostra nun mapamundi a ubicación do país ou comunidade de procedencia do novo alumno.

A continuación, presenta os seus aspectos máis significativos, representativos e positivos, con fotografías, vídeos, etc.

Posteriormente, os alumnos realizan exercicios para o coñecemento dos países ou das comunidades expostas..

## **ANEXO II**

### **MOSTRA DUNHA ACTIVIDADE PARA FAVORECER A INTERCULTURALIDADE A NIVEL DO CENTRO EDUCATIVO: A FESTA DAS CULTURAS/POBOS**

#### Obxectivos:

1.- Abri a escola ás familias implicándoas no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos.

2.- Favorecer a integración do alumnado inmigrante e das suas familias no Centro.

3.- Fomentar no alumnado a solidariedade e o respecto á diversidade.

4.- Desmontar posibles prexuízos por descoñecemento, sobre as culturas e valores de outros pobos, razas e relixións, desenvolvendo actitudes de tolerancia e respecto ás diferenzas, que favorezan a convivencia

5.- Promover nos nenos os coñecementos básicos sobre os distintos países e culturas, así como o seu grado de desenvolvemento e participación na riqueza, que lles proporcionen elementos de xuício e criterio para poder dicir que non ante as actitudes racistas, sexistas e intolerantes.

6.- Facilitar que o alumnado extranxeiro coñeza y participe da nova cultura na que vive, aportando os elementos propios da súa cultura: costumes, folklore, valores, lingua, etc.

7.- Axudar aos nenos e ás suas familias para que coñezan a existencia doutras realidades culturais e descubran a importancia de aceptalas e valorarlas.

8.- Conocer outras culturas diferentes á nosa e favorecer o acercamiento entre culturas como primeiro paso para construí-la paz de xeito activo y solidario.

#### Comisión Organizadora

A "Festa Intercultural" pódese desenvolver unha vez ao ano para favorecer o coñecemento de unha das culturas presentes no noso centro ou de todas se se considerase preciso.. Para a súa organización e planificación, pódese construír unha Comisión de Interculturalidade que decida sobre:

a) Os obxectivos das Xornadas.

b) O nome e o eslogan.

c) Os países participantes (Alemania, Cuba, Marrocos, Reino Unido, etc.) e os aspectos a tratar no estudio-exposición sobre cada país (localización xeográfica, vida diaria, economía, gastronomía, costumes típicas, tradicións culturais, música, folklore...).

d) Xeito e tempo de contacto das persoas de cada país cos alumnos.  
Temporalización.

e) Maneira, lugares e montaxe da exposición sobre o/ou países.

f) Guión sobre o traballo previo nas aulas, adaptando os Ciclos ás capacidades e intereses do alumnado.

g) Outras actividades a desenvolver durante as Xornadas (exposicións de produtos típicos, mercado, audicións musicais, actuacións musicais, representacións teatrais, etc.).

h) Contacto coas familias de cada país. (Por correo ordinario ou por teléfono).

i) Designación das persoas encargadas.

#### Preparación nas aulas

a) Aspectos a estudar de cada país: localización xeográfica; capital e cidades importantes; principais accidentes xeográficos (ríos, montañas, lagos, desertos, etc.); lingua; relixión; moeda; xeito de goberno; clima; monumentos; flora e fauna; economía; historia; costumes; arte; música, etc.

b) Traballo de documentación:

- Xogos infantís máis populares que o alumnado emprega no seu tempo libre.

- Poemas dos autores máis destacados ou coñecidos dos diferentes países, así como os de tradición oral que aportou o alumnado ou as súas familias.

- Contos e lendas (o mesmo proceso anterior)

- Murais nas distintas clases, para recoller as noticias que se producen sobre os diferentes países.

- Pegatinas sobre interculturalidade.

- Carteis de identificación de espazos, empregando un pictogramas alusivo ás funcións que se desenvolven en cada espazo e o nome escrito nas línguas dos diferentes países.

- Materiais Didácticos: Fichas de traballo para o coñecemento dos países (mapas, fotos, vídeos, postales, novas, música, obxectos, etc.).

c) Actividades para desenrolar habilidades de interacción social:

- Taboleiro das emocións: Un taboleiro de madeira presenta os diferentes estados emocionais polos que pasa o ser humano (medo, lelicia, tristura, amor, cólera e poder) acompañados de fotografías de personaxes reais e de debuxos dos personaxes da literatura infantil.

- Materiais didácticos: Fichas de traballo das diferentes habilidades de interacción social.

### Exposición

- No exterior do Centro:

- Cartel anunciador, en madeira e enmarcado, colocado na porta principal da escola, no que se mostra o eslogan e os debuxos alusivos.

- Bandeiras de España, e de cada un dos países/comunidades (feitas na clase de Plástica.

- Na entrada:

- Carteis de benvinda, en paneis:

- \* Poesía alusiva á interculturalidade.

\* Saúdo de benvinda nos diferentes idiomas.

\* Imaxe del proyecto.

- Mapamundi sobre o que se pintaron os distintos países/comunidades, cada uno coas cores da súa bandeira. Este mapa serve para colorear outros países á vez que se incorporen novos alumnos doutras nacionalidades.

- Recunchos ambientados con:

- Mapa do país e localización no seu continente.

- Cartel cos datos de maior interés do país: poboación, extensión, capital, relixión, idioma, etc.

- Murais con paisaxes ou con elementos representativos do país (monumentos, personaxes, etc.).

- Maquetas de cartón ou outros materiais.

- Mostra etnológica: Exposición de obxectos característicos de cada país/comunidade, prestados por toda a comunidade educativa e por outras persoas que colaboran co Centro:

- Alimentos típicos.

- Moedas y billetes.

- Vestiario e complementos.

- Instrumentos musicais.

- Artesanía (tapís, cerámica, marroquinería, útis de cociña, etc.)

- Textos literarios.

- Mostra de fotografía.

- Ambientación musical típica do país.



### ANEXO III

#### SUXESTIÓNS PARA COMPLETAR E MELLORAR O PLAN DE ACOLLIDA:

AMPLIAR OS DESTINATARIOS DESTE PLAN DE ACOLLIDA
---

Aumentar as características dos destinatarios deste plan de acollida e especificar accións acordes a cada situación.

POSIBLE CLASIFICACIÓN DE DESTINATARIOS:

**Alumnos de maneira xeral:**

Alumnado de educación infantil, primaria e secundaria nos seus primeiros días de clase.  
Alumnado de 3º de educación infantil no seu paso á etapa de educación primaria.  
Alumnado de 6º de educación primaria no seu paso á etapa de educación secundaria.

**Alumnado de ingreso tardío no Centro:**

Alumnado trasladado.

**Alumnado inmigrante:**

Con descoñecemento do idioma  
Con coñecemento básico do idioma  
Cun nivel medio ou alto do coñecemento do idioma

**Novo profesorado no Centro:**

Incorporado ao principio do curso  
Incorporado ao longo do curso.

CONCRETAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN E DO ALUMNADO
---

**Concretar actuacións, temporalización e responsables do seguimento e avaliación do alumnado novo:**

- **Avaliación inicial** do alumnado: xa se recolle neste plan (secretaría e orientación).
- **Avaliación continua:** de forma conxunta co profesorado para ver evolución e integración social e académica do alumnado e ir reaxustando medidas educativas.

- **Avaliación final** ao remate do curso escolar.

**Concretar actuacións, temporalización e responsables do Seguimento e avaliación do Plan:**

Posibles indicadores de avaliación:

- Cumplimento de los objetivos propuestos.
- Cumplimento de las actuaciones planificadas.
- Participación de los responsables.
- La implicación de la Comunidad Educativa.